CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información relevante de textos ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	30
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar o contido e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade nos texto sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir as opinións explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados e adecuados á situación comunicativa, co fin de describir, narrar, e informar.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.	TI	70
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participar e colaborar en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Interpretar e explicar textos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando estratexias adecuadas para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Contidos

- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
8	Mind Games	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos expresados de forma clara e na lingua estándar,	PE	55
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos para comprender a información global e específica, distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, e buscar, seleccionar e contrastar información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual,		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, mostrando iniciativa, empatía e respecto polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións	TI	45
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Usar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio po interlocutores e polas linguas		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	analizar e rexeitar calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Contidos

- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Segundo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico, crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua

Materials de consulta de elaboración propia
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado)
Recursos audiovisuais auténticos
Publicacións dixitais sobre temas de actualidade
Emprego de actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (find someone who....; who am I..., names chain)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Redacción dun email de presentación
4. Entrevista oral
5. Proba de nivel

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	15	15	15	100
Proba escrita	55	30	30	30	30	30	30	55	36
Táboa de indicadores	45	70	70	70	70	70	70	45	64

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% na cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% na cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% na cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta longa ou curta. Búsqueda de sinónimos. Proba escrita

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 20%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección. Proba escrita

4. USO DA LINGUA : MELLORA DO VOCABULARIO E DAS ESTRUCTURAS NECESARIAS: 35%(CA1.5+CA1.6+CA1.1+CA1.2+CA1.3+CA1.4)

Instrumentos de avaliación: exercicios da aula e probas escritas de comprobación

5. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 4%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 2%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 2%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

8 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 2%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos dous seguintes trimestres.

O alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación final deberá presentarse á proba da avaliación extraordinaria. Nesta proba avaliarase do seguinte modo.

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta. Búsqueda de sinónimos.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 25%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

MELLORA NA ADQUISICIÓN DE VOCABULARIO E ESTRUCTURAS NECESARIAS: 50%

Instrumento de avaliación: proba escrita.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non se aplica neste curso por ser comezo de etapa.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede nesta materia.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.

7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de Bacharelato que permaneza un ano máis no mesmo curso
 En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X		X		X	
ET.6 - A igualdade de xénero.		X			X			X
ET.7 - A creatividade.			X		X			X
ET.8 - A educación para a saúde					X			
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X		X		X			X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.		X						

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - O emprendemento social e empresarial		X	X				X	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween concurso de relatos de terror, disfraces e decoración.	O Departamento propón un concurso de relatos de terror e da elaboración de pequenas decoracións relacionadas coa celebración	X		
Ugly Sweater Day: concurso de xersieis feos de nadal	O departamento organizará un concurso no Ugly Sweater Day (15 de decembro)	X		
Actividades de nadal/de inverno	Actividades coordinadas desde o departamento e extensibles a outros departamento : crear unha árbore de nadal onde expresar os mellores desexos ou resolucións para o novo ano	X		
Concurso de Karaoke	O departamento organiza un concurso de karaoke para o último día de clases antes do Entroido		X	
Día do libro	O departamento propón celebrar o día do libro 23 de abril (crear relatos, traer libros en inglés para participar na exposición do día do libro, facer mini zines sobre temas variados, journals, comics.)			X
Entrevistas a turistas	O departamento propón unha saída a rúa para entrevistas a turistas			X
Charla da auxiliar sobre un tema sociocultural de interese (Black History month, tradicións e celebracións nos países anglosaxóns,etc)	O departamento organizará unha charla sobre un tema de interese aproveitando a presenza da auxiliar de conversa e mesmo do profesorado do centro ou dalgunha editorial	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concurso de presentacións orais e escritas ou mini obra de teatro	O departamento propón a creación dun vídeo, poster, mini revista ,enquisa ou pequena obra teatral onde o alumnado se exprese libremente sobre diferentes temas do seu interese onde se valorará a súa competencia oral, escrita e creativa: os temas poderán ir desde o día da muller ata o día do libro, a educación, o respecto, cuestións medioambientais,etc onde se pretende propoñerlles varias actividades en grupos reducidos	X	X	X
Teatro en inglés	O departamento propón a asistencia a unha obra de teatro en inglés no centro (pendente de decidir o alumnado que asistirá e a data exacta)	X	X	X
Cine en inglés	O departamento propón a asistencia a unha sesión de cine en inglés nos cines Norte (data por decidir)	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Incorpo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Medidas de atención á diversidade
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.
Outros
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Ao non haber reunións semanais os membros do departamento analizarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc e o comunicará na medida do posible a xefa de departamento. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados